

**XXIV CERTAME DE XORNALISMO  
“BEGONTE E O NADAL”**

---

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potenciarlo espíritu do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

**XXIV CERTAME XORNALÍSTICO  
“BEGONTE E O NADAL”**

de acordo coas seguintes BASES:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algúun traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:  
**PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.-**  
100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.  
**SEGUNDO PREMIO.-** 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de dous mil, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

**BEGONTE, NADAL de 1999**

# **BASES**